

Sendo necesario elaborar unha listaxe de espera da categoría profesional de xornalista, para atender as posibles necesidades que xurdan, no Gabinete de Comunicacions da Universidade de Santiago de Compostela (USC),

O reitor, no uso das competencias que ten atribuídas polo artigo 87 dos Estatutos da USC, resolve convocar proceso de selección para a elaboración dunha **listaxe de espera da categoría profesional xornalista**, grupo I, do cadro de persoal laboral con suxeición ás seguintes

BASES DA CONVOCATORIA

1. REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

- a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais de algún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, e o dos nacionais de algún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión do título de grao, doutor, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalentes. No caso de que as persoas aspirantes posúan unha titulación académica estranxeira, para poder participar no proceso selectivo, terán que ter homologado previamente o título de acordo co previsto na lexislación española.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado ou suspendido do servizo de calquera das administracións públicas en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio da función pública.

2. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- 2.1. Quen desexe participar neste proceso de selección, deberá presentar solicitude segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, acompañada da documentación que se indica a continuación dirixida ao Sr. reitor da USC, no Rexistro Xeral da Universidade situado na Reitoría (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n Santiago de Compostela), no rexistro do Campus de Lugo, situado

no edificio de Servizos Administrativo e Biblioteca Intercentros, (Avda. Bernardino Pardo Ouro, s/n Lugo) ou nas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.2. Documentación:

2.2.1. A solicitude presentarase acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou do pasaporte.
- Fotocopia do certificado de coñecemento de lingua galega (Celga 4 ou certificado de aptitude do curso de perfeccionamento de lingua galega ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega). As persoas aspirantes que non presenten esta acreditación deberán realizar a proba de lingua galega prevista na primeira fase.
- Documentación xustificativa dos méritos alegados para a súa valoración, na segunda fase do proceso de selección.

2.2.2. A experiencia laboral xustificarse con copia do contrato de traballo que acredite a experiencia ou, con certificación acreditativa dos servizos prestados, na que conste a categoría e os períodos nos que se prestaron, expedida pola unidade de persoal correspondente.

2.2.3. A formación xustificarse con copia dos diplomas dos cursos de formación e cualificación profesional.

2.2.4. A formación impartida xustificarse coa certificación correspondente dos cursos impartidos.

2.2.5. O tribunal non valorará aqueles méritos que non se atopen suficientemente acreditados documentalmente, nin os presentados fóra do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

2.2.6. A certificación acreditativa dos extremos indicados nos anteriores apartados 2.2.2, 2.2.3 e 2.2.4 (certificaranse os cursos que obran no expediente) expedirase de oficio para as persoas aspirantes que presten ou prestasen servizos na USC e engadirase á solicitude da persoa aspirante.

En calquera momento a universidade poderá requirir das persoas aspirantes os orixinais ou copias debidamente compulsadas dos documentos que se correspondan coas simples presentadas.

2.3. Co fin de garantir a participación en condicións de igualdade, aquelas persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% indicarán na súa solicitude as necesidades de adaptacións específicas e o seu motivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude, presentando orixinal ou copia compulsada da cualificación da discapacidade.

2.4. As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar:

- Dúas fotocopias do documento que acredite a súa nacionalidade e, se é o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo.
- Declaración ou promesa de éste de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que a persoa aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

De conformidade co disposto na base 8 da convocatoria, as persoas aspirantes que estean exentas da realización da proba previa de acreditación do coñecemento do castelán, xuntarán para tal efecto fotocopia compulsada dos diplomas de español como lingua estranxeira (nivel B2 ou nivel C2) ou equivalente. De non achegar esta documentación, non poderán ser declaradas exentas, polo que deberán realizar a proba a que se refire a base 8.

Os antigos diplomas de español nos seus niveis intermedio e superior serán equivalentes, para todos os efectos, aos diplomas previstos no Real decreto 264/2008, nos seguintes termos:

- a) O diploma de español (nivel intermedio) será equivalente ao diploma de español (nivel B2)
- b) O diploma de español (nivel superior) será equivalente ao diploma de español (nivel C2)

2.5. O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro **día 11 de xullo de 2011**.

3. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase nos taboleiros de anuncios da Reitoría, da Casa da Balconada, do edificio de Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo e na páxina web: <http://www1.usc.es/WebPas/SPAS/Laborais/Contratacions.htm>, a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión das devanditas listaxes, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

4. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS.

Rematado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase nos lugares indicados no parágrafo 3, a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas así como o día, a hora e o lugar da realización do primeiro exercicio.

O feito de figurar na listaxe de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección terá a categoría primeira das recollidas no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao reitor da universidade, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Estará composto polas persoas que se indican a continuación:

Tribunal titular

Presidenta:

- Carmen Varela Prado, vicexerenta do Campus de Lugo.

Vogais:

- Lois Celeiro Álvarez, persoal laboral do grupo I da USC.
- Isabel Vaquero Quintela, persoal laboral do grupo I da USC.
- Juan Luis Blanco Valdés, persoal laboral do grupo I da USC.

Secretario:

- José Manuel Caamaño Jerez, funcionario de carreira da escala administrativa da USC, que actuará con voz e voto.

Tribunal suplente:

Presidente:

- Pedro García Herradón, vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo

Vogais:

- Miguel Tüñez López, profesor titular de universidade do Departamento de Ciencias da Comunicación da USC.
- Carmen Espiñeira Regueiro, persoal laboral do grupo IV 1 da USC
- Carlos Tarrío de Carrodegas, persoal lboral do grupo I da USC.

Secretario:

- Rubén Regueira Gay, funcionario de carreira da escala auxiliar da USC, que actuará con voz e voto.

6. COÑECEMENTOS E FUNCIONES

- Recollida, tratamento e difusión da información na súa vertente de comunicación.
- Elaborar boletíns informativos de difusión interna, notas de prensa... utilizando calquera tipo de soporte escrito, telemático ou informático que garanta a difusión da información a toda a comunidade universitaria.
- Recompilar e elaborar a información que se xere dende os distintos servizos, centros, ou departamentos da Universidade, para difundila nos medios de comunicación.
- Apoiar a distribución da información dos medios de comunicación aos responsables dos servizos, centros, departamento e unidades implicadas.
- Dar soporte para a elaboración das publicacións institucionais.
- Levar as relacións cos medios de comunicación.
- Asesorar en campañas de comunicación.
- Atender aos usuarios na demanda de asesoramento ou traballos, no ámbito da súa competencia.

- Manter as relacións con outros servizos ou órganos da USC e empresas ou entidades externas, relacionadas coa actividade do Gabinete.

7. PROGRAMA

1. A Comunicación humana. A operación comunicativa: estrutura, elementos e fases do proceso.
2. Orixe e desenvolvemento da comunicación colectiva. As ciencias da comunicación e a difusión.
3. Proceso de comunicación colectiva. Elementos e fases.
4. O pluralismo comunicacional. Liberdades públicas. Funcións dos poderes públicos nos sistemas democráticos.
5. As fontes de información.
6. Os profesionais. Dereito dos informadores. Liberdade e responsabilidade do informador. Cláusula de conciencia: regulación legal. Segredo profesional. Código deontolóxico.
7. O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) e as asociacións da prensa en Galicia.
8. Información e dereitos persoais. Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe. Principios e límites.
9. Os medios de comunicación en Galicia.
10. Os xéneros xornalísticos.
11. O xornalismo electrónico. Os medios de comunicación en soporte dixital.
12. A publicidade. Natureza e características. Influencia no comportamento do consumidor. Investigación e planificación de medios. Creación da mensaxe publicitaria. Avaliación da eficacia publicitaria.
13. Definición dos públicos ou destinatarios da comunicación universitaria.
14. O gabinete de comunicación como portavoz oficial da institución. Obxectivos e funcións. Medios utilizados.
15. Os gabinetes de prensa das universidades públicas: Estrutura e funcións.
16. Funcións e organización dun centro de documentación.
17. Deontoloxía informativa. A verdade na información. Conceptos de obxectividade e veracidade informativa.
18. Imaxe corporativa: a imaxe corporativa como simboloxía. Utilización e aplicacións.
19. A información científica. Características e peculiaridades propias.
20. As relacións públicas. O patrocinio ou esponsorización como estratexia de comunicación. O mecenado.
21. O Plan de Normalización Lingüística da USC.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Persoas aspirantes con nacionalidade estranxeira.

Con carácter previo á realización do proceso de selección, as persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditar o coñecemento do castelán mediante a realización dunha proba, na cal se comprobará que posúen un nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua.

O contido desta proba axustarase ao disposto no artigo 3 do Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro (BOE do 8 de novembro), para acreditar o nivel de competencia lingüística do diploma de español correspondente ao nivel intermedio. A proba cualificarase de apto ou non apto; será necesario obter a valoración de apto para pasar a realizar os exercicios.

Quedan eximidas de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten mediante fotocopia compulsada estaren en posesión do diploma de español como lingua estranxeira, (nivel B2 ou nivel C2) e as persoas estranxeiras nacionais de países cuxo idioma oficial sexa o español. De non achegar esta documentación, non poderán ser declaradas exentas, e deberán, en consecuencia, realizar a proba descrita anteriormente.

O sistema de selección constará das seguintes fases:

I.- Primeira fase: constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios, agás a exención prevista para o primeiro exercicio a quen acredite posuir o Celga 4:

Primeiro exercicio: proba de galego. Estruturase do seguinte xeito:

Primeira proba. Comprensión escrita ou comprensión oral + expresión escrita.

As persoas aspirantes deberán redactar un texto seguindo unhas indicacións que se lle facilitarán por escrito. A elaboración do texto deberá basearse na comprensión dun texto escrito ou na comprensión dun fragmento de audio ou audio-video.

A duración máxima desta proba será de 90 minutos.

Segunda proba. Comprensión escrita ou comprensión oral+expresión oral.

As persoas aspirantes deberán ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-video, e a seguir, nunha entrevista co examinador, pediráselles que resuman o *input* e que manteñan un diálogo ao respecto do *input* recibido, de modo que poida ser avaliada a súa produción oral.

A duración máxima desta proba será de quince minutos por persoa aspirante.

A valoración deste exercicio será de apto ou non apto.

Estarán exentas de realizar este exercicio, as persoas aspirantes que acrediten documentalmente xunto coa solicitude, estar en posesión do certificado Celga 4 ou do certificado de aptitude do curso de perfeccionamento de lingua galega ou do certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega.

Segundo exercicio

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 60 preguntas tipo test, con tres respostas alternativas das que só unha será correcta. O cuestionario será proposto polo

tribunal e as preguntas do mesmo basearanse no contido do programa incluído na base 7 da convocatoria.

Este exercicio será cualificado cun máximo de 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos.

O tempo para a realización deste exercicio será de 60 minutos.

Terceiro exercicio:

Redactar unha información a partir dos datos que proporcione o tribunal. Este exercicio deberá realizarse en soporte informático.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos, sendo necesario para superalo, obter un mínimo de 15 puntos.

O tempo para a realización deste exercicio será de 90 minutos.

As persoas aspirantes disporán de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte a realización do exercicio, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal no correspondente exercicio.

Así mesmo, as persoas aspirantes disporán de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións do exercicio correspondente, para presentar reclamacións ás cualificacións obtidas.

II.- Segunda fase: Valoración de méritos

Esta fase será cualificada de **0 a 10 puntos** desglosados como se especifica a continuación:

Experiencia relacionada co contido da praza: **máximo 5 puntos**.

- Na mesma categoría nas universidades públicas: 0,15 puntos por mes traballado.
- Na mesma categoría noutras administracións públicas: 0,076 puntos por mes traballado.
- Traballos que teñan que ver cos coñecementos da praza en empresas: 0,076 puntos por mes traballado.

Formación: valoraranse cursos impartidos ou recibidos de formación e perfeccionamento dispensados por centros e organismos oficiais ou debidamente homologados e que estean directamente relacionados co contido da praza, ata un **máximo de 3 puntos**, do seguinte xeito:

Cursos de formación relacionados coa praza:

- Cursos impartidos: 0,03 puntos hora
- Cursos de aptitude recibidos: 0,02 puntos hora
- Cursos de asistencia recibidos: 0,01 puntos hora

Cursos de formación de lingua galega:

- Celga 5 0,75 puntos
- Outros cursos de galego impartidos 0,03 puntos hora
- Outros cursos de galego con aptitude 0,02 puntos hora
- Outros cursos de galego con asistencia 0,01 puntos hora

Cando existan distintos niveis do mesmo curso, só se valorará o de maior nivel. Os Celgas valoraranse a partir do nivel superior ao esixido na convocatoria.

Nos cursos que non figuren o número de horas, a puntuación farase polo mínimo de 10 horas.

Titulación específica relacionada coas funcións da categoría: **máximo 1 punto**. As titulacións que se valorarán neste apartado son:

- Licenciatura en Ciencias da Información, rama xornalismo.
- Licenciatura ou Grao en calquera das seguintes titulacións: Xornalismo, Comunicación Audiovisual, Publicidade, Relacións Públicas ou Licenciatura en Ciencias da Información.

Outros méritos: **máximo 1 punto**.

Os posibles empates na puntuación total dirimiranse aplicando, nesta orde, os seguintes criterios: maior puntuación na primeira fase, na segunda fase e de persistir este, desempataría a maior idade da persoa candidata.

9. PUBLICACIÓN DA PROPOSTA DE LISTAXE E RECLAMACIÓNS

A proposta provisional da listaxe de espera formulada polo Tribunal de Selección, publicarase nos taboleiros de anuncios indicados no punto 3. Contra esta proposta, as persoas aspirantes poderán presentar reclamación perante o Tribunal no prazo máximo de cinco días naturais contados desde o seguinte ao da publicación nos taboleiros.

Rematado o prazo sinalado no punto anterior sen terse presentado reclamacións ou unha vez resoltas estas, o Tribunal elevará a proposta definitiva de persoas aspirantes que conforman a listaxe de espera ao reitor, e publicarase nos taboleiros de anuncios indicados no punto 3.

10. RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN

A documentación presentada para este proceso de selección poderá ser retirada polas persoas aspirantes non seleccionadas, no Servizo de Planificación e Programación de PAS (Casa da Balconada, Rúa Nova 6, Santiago de Compostela) a partir do mes seguinte ao do remate do devandito proceso, agás que estea afectada pola interposición de recursos.

11. DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de

Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

O reitor

Juan José Casares Long

ANEXO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROBAS SELECTIVAS PARA PERSOAL CONTRATADO

1. CONVOCATORIA PARA A ELABORACIÓN DE LISTAXES DE ESPERA

1. DENOMINACION DAS PRAZAS CONVOCADAS:

Listaxe de espera da categoría profesional: xornalista

2 DATOS PERSOAIS

2.1. N.I.F.	2.2. PRIMEIRO APELIDO	2.3. SEGUNDO APELIDO	2.4. NOME
2.5. DATA DE NACEMENTO Día Mes Ano	2.6. PROVINCIA DE NACEMENTO	2.7. LOCALIDADE DE NACEMENTO	2.8. TELEFONO/E-MAIL
2.9. GRAO DE DISCAPACIDADE -----%	2.10 NO CASO DE DISCAPACIDADE, ADAPTACIÓN QUE SE SOLICITA E MOTIVO		
2.11. ENDEREZO			2.12 CÓDIGO POSTAL
2.13 MUNICIPIO	2.14 PROVINCIA	2.15 NACIONALIDADE	

3 TÍTULOS ACADÉMICOS OFICIAIS

ESIXIDOS NA CONVOCATORIA:

4 SERVIZOS PRESTADOS

SERVIZOS PRESTADOS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	SI	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>
SERVIZOS PRESTADO NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	SI	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>

5 OPCIÓN PARA CONTRATOS DE TRABALLO POR CAMPUS:

Marque cunha X o recadro da súa opción

Campus Compostela	<input type="checkbox"/>
Campus Lugo	<input type="checkbox"/>
Campus Compostela e Lugo	<input type="checkbox"/>

O/A abaixo asinante solicita ser admitido/a ao proceso de selección a que se refire esta solicitude e DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións esixidas nesta convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude

-----,-----de-----de 2011
(Sinatura)

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela